

**LINGUA GALEGA**

**Texto:**

Un revolucionario da era dixital, un emprendedor sen límites, un líder visionario, un home xenial: non chegan os cualificativos para destacar a figura de Steve Jobs, fundador de Apple, que vén de perder a vida a unha idade precoz vítima dun cancro de páncreas. Aínda que agora o presenten coma un Edison moderno, a realidade é que este home non inventou nada relevante; pero soubo crear e vender dispositivos informáticos atractivos e fáciles de usar. De aí o seu éxito e o seu rápido enriquecemento.

Mais ninguén recorda que esta empresa foi denunciada en 2003 porque as baterías da primeira xeración de iPods duraban só 18 meses. Ante as demandas dos usuarios, Apple respondía que tiñan que mercar un aparello novo, xa que a empresa non dispuña de baterías de recambio. Foi a abogada Elizabeth Pritzker quen presentou unha demanda colectiva. Demostraron que a batería estaba deseñada para ter unha vida curta, gañaron o xuízo, e Apple tivo que crear un departamento de recambio de baterías e aumentar a garantía do produto a dous anos.

Mais Apple, en realidade, non precisa para nada desta burda trampa. Os constantes cambios dos seus dispositivos provocan unha pronta caducidade dos mesmos, e os seus usuarios vense empuxados a un recambio periódico e compulsivo para dispor das melloras introducidas. Neste terreo si que foi un auténtico xenio o empresario que vén de fenecer. Esta é unha das maneiras de pór en práctica o que se chama “obsolescencia programada”. Defínese así a planificación do remate da vida útil dun produto, de xeito que quede inútil ou inservible despois dun tempo calculado de antemán polo fabricante.

Esta práctica ten un grande impacto medioambiental. Xera tal cantidade de residuos que fai imposible a súa reciclaxe e está a envelenar a superficie do planeta. Neste tempo de crise haberá que replantexar as forma de produción, comercialización e consumo nas que estamos instalados, se non queremos rematar coa vida no planeta convertida nun inferno. De seguir con este consumo compulsivo da última novidade da telefonía móbil, o lixo electrónico que nós mesmos provocamos acabará por envelenar a nosa existencia.

(Pablo Vaamonde García, *Galicia Hoxe*, 13.10.2011)

**Cuestións:**

1. Explique o significado que teñen as seguintes palabras e expresións no texto (subliñadas): *visionario, relevante, aparello, garantía, pór en práctica* (1 punto).
2. Escriba o tema do texto e faga un resumo (2 puntos).
3. Escriba as formas do plural das seguintes palabras: *útil, tal, móbil, farol, animal, papel, cadril, túnel, parasol, fiel* (1 punto).
4. Conxugue o presente e o pretérito de indicativo dos seguintes verbos: *seguir, vir, saber, pór, estar* (2 puntos).
5. Escriba un comentario crítico do texto, engadindo argumentos propios a favor ou en contra da opinión do autor (4 puntos).